

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** INICIO CONTRATACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA. S-6/2024

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000977

Visto o informe de necesidade de contratación externa por falta de medios propios incluído na Memoria da Alcaldía de data 26 de xullo de 2024.

Visto o informe técnico sobre o servizo de CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA, asinado pola responsable técnica dos programas de conciliación do Concello de Teo en data 29 de xullo de 2024 para a presente licitación, no que se xustifica o valor estimado do contrato, a necesidade da administración que se pretende satisfacer e a decisión de non dividir por lotes.

Visto o certificado de existencia de crédito de data 17 de xullo de 2024.

Visto o artigo 116 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e considerando a competencia da Alcaldía para a adopción deste acordo,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución do servizo de CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA de acordo co indicado no informe de incluído na Memoria da Alcaldía de data 26 de xullo de 2024, que sinala

*“A necesidade que teñan as familias de conciliar a vida de coidados familiares e a vida laboral, fai que a xestión do tempo sen clase dos nenos e nenas menores se constitúa como un elemento básico na calidade de vida de pais e nais.*

*Por outra parte, a Lei 9/2017 de contratos do sector público, fixa no seu artigo 28 a obriga de xustificar a necesidade de acudir á contratación pública por insuficiencia de medios.*

*O Concello de Teo carece dun cadro de persoal que poida asumir a prestación do servizo de conciliación durante os días lectivos do curso escolar de xeito directo.*

*De acordo co exposto, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de servizos por falta de medios propios do concello para prestar o servizo de conciliación durante os días lectivos do curso escolar denominados Teo Madruga e Teo Coida.”*

**Segundo.-** Iniciar o procedemento de contratación do CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEO MADRUGA E TEO COIDA, cuxo orzamento base de licitación ascende a 92.186,55 € e 9.218,65 € de IVE, cun total de 101.405,20 €, e duración un ano coincidente co curso escolar 2024-2025, por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. De expediente S-6/2024.

**Terceiro.-** Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición

Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado.
- Informe da adxunta a Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,

A secretaria xeral, que dou fe

Lucía Calvo de la Uz

Virginia Fraga Díaz